

O PERDIDO

[Christophe Farnarier, 2016]

199

TRES ÚNICOS PASES EN NUMAX: 7, 8 E 9 DE FEBREIRO DE 2017 | V.O. | +7

El perdut (El perdido) (2016, 95')

Dirección: Christophe Farnarier

Guión: Daniel Remón, Pablo Remón, Christophe Farnarier

Reparto: Adri Miserachs

Vestuario: Fanny Espinet

Son: Nacho R. Arenas

Montaxe: Cristóbal Fernández

Música: Joe Farnarier

Fotografía: Christophe Farnarier

Produtora: DDM Visual, Pantalla Partida (España),

Cosmographe Productions (Francia)

Distribuidora: Noucinemart

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Sen diálogos

FILMOGRAFÍA

La primavera, 2012

Le premier rasta, 2010

[con Héléne Lee]

El somni (*El sueño*), 2008

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2016 (Mellor filme,
Mellor realizador, Mellor actor
e Premio Escolas de Cinema)

SINOPSE

Martí é un home normal na trintena que, sumido nunha fonda crise persoal, fuxe ao monte cunha escopeta. Pero, incapaz de quitarse a vida, comeza a vivir como un primitivo, alimentándose só do que atopa. Deste xeito, perdido en pleno Pirineo, acaba converténdose nun mito, nunha lenda que se conta nas aldeas dos arredores.

«Como é habitual no cinema de Farnarier *O perdido* restitúe certo poder sagrado aos rituais cotiás de supervivencia»

Eulàlia Iglesias, TIME OUT



O PERDIDO

[Christophe Farnarier, 2016]

“Gústanme as persoas que están a mil quilómetros da corrupción, os políticos, a publicidade”

Entrevista con Christophe Farnarier

Por Enric Albero

O perdido suxire a necesidade de reseteo do ser humano, de comezar desde cero...

O arranque é o que máis se asemella á historia real na que se basea *O perdido*, un tipo que vai á montaña coa moto coa intención de matarse, pero que nin se mata nin regresa. Pasa unha época na que tenta, digámolo así, morrer doutro xeito (de frío, de fame).

Até que se mete nunha cova e prende lume... É como comezar de novo coa historia da humanidade, cun personaxe que xa non é ninguén e á vez representa a todos os seres humanos. Desde ese momento e até o final, veremos unha caste de evolución do ser humano: primeiro é nómade, cazador e recolector, logo pasa a asentarse, a construír unha primeira cabana, pasa ao sedentarismo, cultiva... É o que sucedeu durante séculos e séculos de evolución humana concentrado no que dura o filme.

A primeira impresión é que estamos ante unha historia moi sinxela cun transfondo moi complexo, unha sorte de recivilización do ser humano...

O filme ten unha narración sinxela que me permite engadir máis capas, máis lecturas para que cadaquén vaia descubrindo o que lle chega de todo iso. Se optásemos por unha historia complexa narrativamente falando, teríanse perdido os matices. Partimos dun personaxe que, ao inicio, podemos pensar que é un tipo bastante sinxelo, que pode proceder do campo, que se educa a si propio cos libros e ao final ten penduradas as fotos deses filósofos que, de feito, se lle parecen.

Os protagonistas dos teus tres filmes son personaxes crepusculares, representan a fin de determinados xeitos de vida... É que estamos nun momento crepuscular da historia da humanidade. Esta sociedade está a

piques de estoupar. Veremos que ha pasar despois, porque o ser humano ten capacidade para se volver erguer. Non creo que nos vaia suceder como aos dinosauros e desaparecemos, teño fe, son moi humanista, por iso me gustan tanto as persoas que están a mil quilómetros da corrupción, os políticos, a publicidade e todo o mundo falso que nos envolve... Estamos ante a fin dunha civilización, como expresas iso? Eu non teño medios, non fago cinema de terror, nin emprego recursos artificiais, así que teño que buscar xestos: o xesto de sementar na primavera, un dos máis antigos da humanidade, que aquí volve repetirse.

Na listaxe de agradecementos hai máis escritores ca directores...

Hai tamén unha serie de directores dos que son fanático, eu creo que no ceo hai un paraíso dos cineastas no que están Bresson, Antonioni, Fassbinder. Pero tamén cito a algúns fotógrafos e pintores, a pintura tamén é moi importante para min.

O fóra de campo tamén é chave, como a secuencia na que foxe dos cazadores...

Considero que o cinema ten dous elementos fundamentais: o que está no encadre e o que está fóra. Neste filme hai moitas cousas que suceden fóra do encadre e, porén, están no filme e son importantes, precisamente porque non se ven.

Na secuencia que citas filtrase algo da historia real. Para construír a cabana el collía cousas doutras casas, a meirande parte abandonadas, tamén roubaba galiñas. Así que cando oe os cazadores pensa que se o atrapan poden metelo na cadea. Mais o disparo funciona, tamén, como un símbolo da violencia e el é un tipo pacífico que foxe de todas esas cousas.

Por que incluíu a música na secuencia do paseo en bicicleta cando non a hai durante o resto do filme?

Porque é unha ficción. O da bicicleta é un momento especial, é unha nova fuga, unha segunda desaparición cando xa o tiña todo montado. É unha mestura de sensacións, entre o baixón que supón o que sucedeu e a volta á liberdade que iso lle proporciona, porque a cabana implicaba volver estar atado a cousas materiais. Así que creo que a música, nese intre, ten sentido.

Entrevista publicada en Caimán CdC nº55
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME